# ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA OBRA DE REXENERACIÓN DE PAVIMENTO DAS RÚAS SAN XOSÉ E TRES MARÍAS. LECTURA DE INFORME TECNICO E SELECCIÓN DA OFERTA MÁIS VANTAXOSA.**

---

Sendo as 13:00 horas do día 13 de agosto de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais:

- Marta Carballal Neira, Enxeñeira do Servizo de Enxeñería.
- Ana Isabel Saez Mancebo, Letrada Asesora da Asesoría Xurídica.
- Marcial Rodríguez Toajas, Inteventor Xeral Municipal
- Manuel Louzao Aldariz, Técnico do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como secretario.

Asiste así mesmo dona Carmen Vázquez da APEC.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte do Secretario a dar lectura do informe emitido polo Enxeñeiro municipal don Alberto Cardama Cid, o día 10 de agosto de 2015, en relación coa xustificación da oferta considerada anormal ou desproporcionada presentada pola empresa ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L., e no que conclúe entendendo que non se pode admitir dita xustificación e polo tanto a desestima.

En consecuencia a Mesa de Contratación entende que debe excluírse a oferta da empresa ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L., e proceder a seleccionar á primeira empresa que non se atope incursa en oferta anormal ou desproporcionada, isto é **HEBLATRI, S.L.**, segundo se desprende do seguinte cadro:

| EMPRESA | OFERTA | GARANTÍA | TOTAL |
|---|---|---|---|
| HEBLATRI | 6,94 | 2,00 | 8,94 |
| ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L. | 6,58 | 2,00 | 8,58 |
| OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA | 6,44 | 2,00 | 8,44 |
| T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO | 6,31 | 2,00 | 8,31 |
| DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS S.L. | 4,20 | 2,00 | 6,20 |
| DESMACO S.L. | 4,18 | | 6,18 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | 2,00 | |
| CANARGA CONSTRUCCIONES | 3,30 | 2,00 | 5,30 |
| CONSTRUCCIONES VILAMIÑO S.A. | 3,08 | 2,00 | 5,08 |
| PROYECON GALICIA | 2,57 | 2,00 | 4,57 |
| CONSTRUCCIONES SANLE LUGO S.L. | 2,02 | 2,00 | 4,02 |
| ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES S.L. | 2,98 | 1,00 | 3,98 |
| GRUPO BASCUAS 2008 S.L. | 2,88 | 0,50 | 3,38 |

A tal efecto e á vista do exposto os membros da Mesa acordan o seguinte:

PRIMEIRO: Excluír á empresa ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L. **por non considera xustificada a oferta económica presentada, segundo informe técnico.**

SEGUNDO: Seleccionar á empresa HEBLATRI, S.L. por importe de 47.184,34 euros, máis o IVE (21%): 9.908,71 euros, resulta un total de **57.093,05 euros, IVE incluído** e un incremento do prazo de garantía de **48 meses** a maiores do mínimo de doce meses establecidos no prego de cláusulas administrativas, debendo requirirlle para que nun prazo de 10 días hábiles, presente a documentación sinalada na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas, así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas do día sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE — O SECRETARIO

Asdo.: Xosé M. Cao Rei — Asdo.: Manuel Louzao Aldariz